

ACTA NÚMERO: 31/2025

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 14 DE AGOSTO DE 2025.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 14 de agosto de 2025 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal en funcións de Secretario Accidental da Deputación.
- Dona María Belén Pampín Camino, Xefa da Sección de Seguridade Viaria do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- Dona Carmen de Peña Vidal, Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Antonio Torrón Casal, Adxunto á Xefatura do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. Dar conta da oferta presentada pola Federación Galega de Balonmán no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade convocado para o patrocinio deportivo "Copa 5x5" Balonmán Deputación de Pontevedra (Expte. 2025052172).
2. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de organización e execución do programa trail "Entre castelos Rías Baixas" (Expte.- 2025004601).
3. Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de xestión da plataforma e implementación de accións de impulso e desenvolvemento da REDE MOVE da Deputación de Pontevedra (Expte.- 2025031866).
4. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de xestión da plataforma e implementación de accións de impulso e desenvolvemento da REDE MOVE da Deputación de Pontevedra (Expte.- 2025031866).
5. Apertura electrónica sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación Servizo de fotografía das obras de plans de inversión. (Expte.- 2025024197).

Non asistiron os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG e D. Carlos Cuadrado Romay Secretario da Deputación.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

- 1. Dar conta da oferta presentada pola Federación Galega de Balonmán no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade convocado para o patrocinio deportivo "Copa 5x5" Balonmán Deputación de Pontevedra (Expte. 2025052172).**



Por Resolución Presidencial número 2025006519, de data 04 de agosto de 2025, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, da execución do programa deportivo "Copa 5X5 Deputación de Pontevedra", cun valor máximo estimado de 80.000,00 €, exento de IVE.

No citado acordo tamén se procedeu a invitar á Federación Galega de Balonmán (G36690832), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produce o día 04/08/2025.

A Federación Galega de Balonmán (G36690832), presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	80.000,00 €
IVE (0 %)	0,00 €
Importe ofertado con IVE	80.000,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola Federación Galega de Balonmán (G36690832), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da execución do programa deportivo "Copa 5X5 Deputación de Pontevedra".

2. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de organización e execución do programa trail "Entre castelos Rías Baixas" (Expte.- 2025004601).

O Secretario suplente da Mesa de Contratación informa que, por Acordo da Xunta de Goberno nº 6.35364, de data 23 de xuño de 2025, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de organización e execución do programa trail "*Entre castelos Rías Baixas*".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 25 de xuño de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 17 de xullo de 2025, procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa, resultando admitidas as seguintes empresas:

- NOKO 360 SPORTS CONSULTING, S.L. (NIF: B70599196)
- SPORTMADNESS EVENTOS, S.L. (NIF: B86397205)



As empresas non admitidas foron as seguintes:

- MARMAR OUTDOOR, S.L. (NIF: B70548631).
 - Motivo da non admisión: Achegar xunto coa documentación administrativa (sobres “A”) a oferta económica, resultando esta documentación obxecto de avaliación mediante criterios automáticos (sobres “C”).

A Mesa de Contratación na reunión do día 17 de xullo de 2025 tamén procedeu á apertura electrónica do sobre “B”, acordando dar traslado a documentación técnica descargada de dito sobre, presentada polas empresas admitidas, aos técnicos do servizo de Turismo Rías Baixas, ao obxecto de que avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

A Xefa do servizo de Turismo Rías Baixas emitiu informe de valoración dos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor, con data 31 de xullo de 2025 e CSV 3849YA7LBJT4VSC4, sendo as puntuacións outorgadas as seguintes:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN		PUNTUACIÓN MÁXIMA	NOKO 360 SPORTS CONSULTING, S.L.	SPORTMADNESS EVENTOS, S.L.
Proposta do evento	Servizos xenéricos	6,000	6,000	3,500
	Presentación do evento	5,000	4,500	5,000
	Outros servizos	4,000	4,000	3,000
	Montaxe e desmontaxe	3,000	2,200	1,500
	TOTAL	18,000	16,700	13,000
Comunicación e promoción	Web e redes sociais	4,000	3,500	4,000
	Gravación e fotografía	4,000	3,500	4,000
	Marketing de influencers	4,000	4,000	4,000
	Inserción de vídeo na televisión autonómica local	3,000	3,000	3,000
	Publicidade en revistas especializadas	3,000	2,000	3,000
	TOTAL	18,000	16,000	18,000
Cronograma e equipo de traballo	Proposta de cronograma	2,000	2,000	0,000
	Equipo de traballo	4,000	4,000	4,000
	TOTAL	6,000	6,000	4,000
PUNTUACIÓN TOTAL “SOBRE B”		42,000	38,700	35,000



A Mesa de Contratación, en reunión celebrada o día 7 de agosto de 2025, acordou prestar conformidade as citadas puntuacións e que se proceda á apertura do sobre “C”, das empresas Noko 360 Sports Consulting, S.L. (NIF: B70599196) e Sportmadness Eventos, S.L. (NIF: B86397205) ao alcanzar un mínimo do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas (21,000 puntos), sendo os valores ofertados os indicados no certificado da Mesa de contratación con CSV: OFX3UHSVJ0ENB3PE.

Feitas as valoracións, de conformidade cos criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares, a puntuación obtida no sobre “C” polas empresas que participan no procedemento é a seguinte:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA	NOKO 360 SPORTS CONSULTING, S.L.	SPORTMADNESS EVENTOS, S.L.
Menor prezo ofertado, sen IVE	49,000	8,104	29,773
Segundos garantidos de emisión en televisión autonómica local superiores ao mínimo requirido	9,000	0,000	9,000
PUNTUACIÓN TOTAL “SOBRE C”	60,000	8,104	38,773

A vista de todo o exposto, a Mesa de Contratación na súa reunión do día 14 de agosto de 2025 acorda:

1.- Propor ao órgano de contratación a non admisión da empresa MARMAR OUTDOOR, S.L. (NIF: B70548631) por achegar xunto coa documentación administrativa (sobres “A”) a oferta económica, resultando esta documentación obxecto de avaliación mediante criterios automáticos (sobres “C”).

2.- Aprobar a clasificación das ofertas presentadas e admitidas no procedemento aberto convocado para contratación do referido servizo, sendo esta a seguinte:

Clasificación	Empresa	Puntuación Sobre B (Máx.42 puntos)	Puntuación Sobre C (Máx. 58 puntos)	Puntuación total
1ª	Sportmadness Eventos, S.L. (NIF: B86397205)	35,000	38,773	73,773
2ª	Noko 360 Sports Consulting, S.L. (NIF: B70599196)	38,700	8,104	46,804



3.- Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requerimento da documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do referido procedemento aberto, á empresa SPORTMADNESS EVENTOS, S.L. (NIF: B86397205) polos seguintes prezos e valores ofertados:

1. Prezo ofertado:

Importe total, sen o IVE	39.924,26 €
IVE (21%)	8.384,09 €
Importe total, IVE engadido	48.308,35 €

2. Segundos garantidos de emisión en televisión autonómica local superiores ao mínimo requirido:

Número de segundos garantidos de emisión en televisión autonómica local, por riba do mínimo esixido (45 segundos), sendo o máximo a ofertar 90 segundos	90 segundos
---	-------------

3. Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de xestión da plataforma e implementación de accións de impulso e desenvolvemento da REDE MOVE da Deputación de Pontevedra (Expte.- 2025031866).

O Secretario suplente da Mesa de Contratación informa que, por Resolución Presidencial número 2025006112 de data 18/07/2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado do servizo de xestión da plataforma e implementación de accións de impulso e desenvolvemento da rede MOVE da Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) en data 18/07/2025. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na sesión celebrada o día 7 de agosto de 2025, procedeu á apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable xuízos de valor, presentados polas empresas que participan neste procedemento.

Unha vez examinada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir a única empresa presentada Cinfo Contenidos Informativos Personalizados SL (CIF B15757941), acordando trasladar a documentación técnica ao persoal técnico do Servizo de Promoción de emprego para á súa valoración.



Con data 11/08/2025 o xefe do servizo de Promoción de emprego emite informe relativo á valoración da documentación técnica (CSV: LAU2SKZGB5UNL0OK), sendo as puntuacións obtidas no sobre “A” as seguintes:

Empresas Licitadoras	1. Proposta de planificación Puntuación máxima: 5 puntos	2. Deseño da campaña Puntuación máxima: 5 puntos	3. Relacións comerciais Puntuación máxima: 5 puntos	4. Visibilización Puntuación máxima: 15 puntos	5. Titoriais Puntuación máxima: 7 puntos	6. Actividades Puntuación máxima: 7 puntos	TOTAL Puntuación máxima: 44 puntos
CINFO CONTENIDOS INFORMATIVOS PERSONALIZADOS SL	2,50	2,00	2,50	10,00	2,00	3,50	22,50

A vista do exposto a Mesa de Contratación, acorda:

1. Prestar conformidade ás citadas puntuacións segundo constan no informe emitido polo Xefe do Servizo de Promoción de Emprego.
2. Acordar que se proceda a apertura do Sobre “B” correspondente aos criterios avaliábeis automaticamente da empresa Cinfo Contenidos Informativos Personalizados SL (CIF B15757941), ao acadar dita empresa unha puntuación do 50% da puntuación correspondente aos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor.
4. **Apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliábel mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de xestión da plataforma e implementación de accións de impulso e desenvolvemento da REDE MOVE da Deputación de Pontevedra (Expte.- 2025031866).**

O Secretario informa os asistentes da puntuación acadada no sobre “A” pola empresa admitida ao procedemento aberto simplificado, segundo o informe do Xefe de Promoción de emprego con csv (LAU2SKZGB5UNL0OK) sendo éstas as seguintes:

Empresas Licitadoras	1. Proposta de planificación Puntuación máxima: 5 puntos	2. Deseño da campaña Puntuación máxima: 5 puntos	3. Relacións comerciais Puntuación máxima: 5 puntos	4. Visibilización Puntuación máxima: 15 puntos	5. Titoriais Puntuación máxima: 7 puntos	6. Actividades Puntuación máxima: 7 puntos	TOTAL Puntuación máxima: 44 puntos
CINFO CONTENIDOS INFORMATIVOS PERSONALIZADOS SL	2,50	2,00	2,50	10,00	2,00	3,50	22,50



O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de contratación do sector público que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descriptación e descarga da documentación presentada no sobre “B criterios avaliábles mediante fórmulas” da empresa que acadara unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asignable en función dos criterios avaliábles mediante xuízos de valor (20,00 puntos), sendo os valores ofertados por dita empresa os seguintes:

1. Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	48.000,00 €
IVE (21 %):	10.080,00 €
Importe total ofertado:	58.080,00 €

2. Incremento do número de Mesas de traballo ofertadas.

Número de mesas de traballo ofertadas a maiores do mínimo esixido (12): 1

3. Incremento de diagnósticos individualizados.

Número de diagnósticos individualizados a maiores do mínimo esixido (30): 5

4. Realización de videoexperiencias xerais, que supoñan recompilación das realizadas.

Número de videoexperiencias xerais realizadas. (sinalar cun X)

1 ☐

2 ☐

3 ☒

5. Incremento do número de tutoriais.

Número de tutoriais a maiores do mínimo esixido (10): 1.

6. Experiencia do/a xefe de proxecto superior a mínima establecida nos pregos (dous traballos iguais ou similares ao obxecto do contrato)

TRABALLOS	Forma de acreditación: (CV, Contratos ou certificados dos servizos prestados, declaración responsable)
1. Plataformas IoT / Big Data para Grupo Euskaltel - MásOrange	CV, pedidos y Declaración Responsable
2. Plataforma OTT para el Ayuntamiento de Irún	CV, pedido y Declaración Responsable
3. Plataforma OTT Lalín Infinito para el Concello de Lalín	CV, pedido y Declaración Responsable
4. Plataforma OTT para emisión en directo y diferido de eventos locales para la Diputación de Castellón	CV y certificado
5. Plataforma multimedia OTT para la Fundació Teatre Principal de Palma	CV y certificado



6. Desenvolvemento de unha plataforma multimedia para experiencias interactivas orientado a niños e adolescentes para a Xunta de Galicia	CV e certificado
7. Plataforma OTT por suscripción Oh! Jazz	CV e certificado
8. Proxectos Innovadores Contidos Digitais TVG: Desenvolvementos para a plataforma Petiscos	CV e certificado

A continuación procedese á valoración dos criterios automáticos correspondentes ao sobre B, de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

Empresas Licitadoras	1. Prezo ofertado Máx: 38 puntos	2. Incremento nº meses traballo a maiores . Máx: 3 pts	3. Incremento diagnósticos individualizados Máx: 2 puntos	4. Oferta videoexperiencias Máx: 3 puntos	5. Incremento nº tutoriais Máx: 2 puntos	6. Experiencia a maiores xefe proxecto . Máx: 8 puntos	TOTAL Puntuación máxima: 56 puntos
CINFO CONTENIDOS INFORMATIVOS PERSONALIZADOS SL	19,953	3,00	2,00	3,00	2,00	8,00	37,953

A vista do exposto a Mesa de contratación acorda:

1.-Aprobar a clasificación das ofertas que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADOR	SOBRE "A"	SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	CINFO CONTENIDOS INFORMATIVOS PERSONALIZADOS SL	22,50	37,953	60,453

2.- A Mesa de Contratación comproba que a empresa CINFO CONTENIDOS INFORMATIVOS PERSONALIZADOS SL atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Dito certificado de inscrición acredita, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia de non estar incurso en prohibición de contratar.

3.- Propoñer ao órgano de contratación, neste caso o Deputado delegado da área de Novas Tecnoloxías e Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para contratación do servizo de xestión da plataforma e implementación de accións de impulso e desenvolvemento da rede MOVE da Deputación de Pontevedra á empresa CINFO CONTENIDOS INFORMATIVOS PERSONALIZADOS SL, polos prezos e valores ofertados.



4.- Facultar ao Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa CINFO CONTENIDOS INFORMATIVOS PERSONALIZADOS SL mediante comunicación electrónica para que, no prazo de 7 días hábiles contando desde o seu envío, aporte a documentación establecida nos pregos entre a que se atopa a constitución de garantía definitiva.

5. Apertura electrónica sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación Servizo de fotografía das obras de plans de inversión. (Expte.- 2025024197).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por Resolución Presidencial nº 2025006314, de data 28/07/2025, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do Servizo de fotografía das obras de plans de inversión.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 29/07/2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

Unha vez descifradas e descargadas as ofertas presentadas, a Mesa de Contratación acorda:

- NOSO PLANS E PROXECTOS, S.C.G. (F42789545)
- ECOGEO CONSULTORÍA MEDIOAMBIENTAL, S.L.U. (B47734686)
- SERGIO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ (53186361B)
- DAVID YEBRA VALDES (51411727B)
- FRANCISCO JAVIER TENIENTE LAGO (36092437D)

A continuación, acórdase trasladar a documentación técnica ó servizo de Comunicación Institucional da Deputación de Pontevedra, para a súa valoración.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e once minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

